| 9 | As forzas e o movemento | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos expostos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos mediante as leis e teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión. | Resolve, usando as leis e teorías adecuadas, problemas numéricos relacionados coas forzas e os seus efectos e expresando os resultados correctamente. | PE | 90 |
| CA4.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos a partir de situacións tanto observadas no mundo natural como expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica. | Resolve, usando as leis e teorías adecuadas, cuestións relacionadas coas forzas e os seus efectos  a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica | | |
| CA4.4 - Aplicar as leis e teorías científicas máis importantes relacionadas co movemento, coas forzas e cos seus efectos para validar hipóteses de maneira informada e coherente co coñecemento científico existente, deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas e analizando os resultados criticamente. | Emite hipótesis coherentes coas leis e teorías ante cuestións científicas relacionadas coas forzas e os seus efectos e deseña algún procedemento para resovelas. | | |
| CA4.1 - Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados co movemento, coas forzas e cos seus efectos, explicalos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Explica, dun xeito argumentado, fenómenos físicoquímicos cotiáns relacionados coas forzas e os seus efectos, utilizando diversos soportes e medios de comunicación. | TI | 10 |
| CA4.5 - Emprender, de forma autónoma e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos relacionados co movemento, coas forzas e cos seus efectos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo. | Participa ,de forma guiada e activa, en proxectos de aprendizaxe que impliquen ao alumnado na mellora da sociedade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A forza como axente de cambios nos corpos: principio fundamental da física que se aplica a outros campos como o deseño, o deporte ou a enxeñaría.<br>- Carácter vectorial das forzas: uso da álxebra vectorial básica para a realización gráfica e numérica de operacións con forzas e a súa aplicación á resolución de problemas relacionados con sistemas sometidos a conxuntos de forzas, valorando a súa importancia en situacións cotiás.<br>- Principais forzas da contorna cotiá, recoñecemento do peso, a normal, o rozamento, a tensión ou o empuxe e o seu uso na explicación de fenómenos físicos en distintos escenarios.<br>- Lei da gravitación universal: atracción entre os corpos que compoñen o universo. Concepto de peso. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | As forzas nos fluidos | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos expostos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos mediante as leis e teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión. | Resolve, usando as leis e teorías adecuadas, problemas numéricos relacionados coas forzas nos fluidos e expresando os resultados correctamente. | PE | 90 |
| CA4.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos a partir de situacións tanto observadas no mundo natural como expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica. | Resolve, usando as leis e teorías adecuadas, cuestións relacionadas coas forzas nos fluidos a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica | | |
| CA4.4 - Aplicar as leis e teorías científicas máis importantes relacionadas co movemento, coas forzas e cos seus efectos para validar hipóteses de maneira informada e coherente co coñecemento científico existente, deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas e analizando os resultados criticamente. | Emite hipótesis coherentes coas leis e teorías ante cuestións científicas relacionadas coas forzas nos fluidos e deseña algún procedemento para resovelas. | | |
| CA4.1 - Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados co movemento, coas forzas e cos seus efectos, explicalos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Explica, dun xeito argumentado, fenómenos físicoquímicos cotiáns relacionados coas forzas nos fluidos, utilizando diversos soportes e medios de comunicación. | TI | 10 |
| CA4.5 - Emprender, de forma autónoma e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos relacionados co movemento, coas forzas e cos seus efectos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo. | Participa ,de forma guiada e activa, en proxectos de aprendizaxe que impliquen ao alumnado na mellora da sociedade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Principais forzas da contorna cotiá, recoñecemento do peso, a normal, o rozamento, a tensión ou o empuxe e o seu uso na explicación de fenómenos físicos en distintos escenarios. |
| - Forzas e presión nos fluídos: efectos das forzas e da presión sobre os líquidos e os gases, estudando os principios fundamentais que as describen. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | A enerxía | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos expostos en relación coa enerxía e cos seus procesos de intercambio mediante as leis e teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión. | Resolve, usando as leis e teorías adecuadas , problemas en relación coa enerxía e os seus procesos, e expresa correctamente os resultados. Asociado aos contidos C3.1 e C3.2. | PE | 84 |
| CA3.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía e cos seus procesos de intercambio a partir de situacións tanto observadas no mundo natural como expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica. | Resolve, usando as leis e teorías adecuadas, cuestións relacionadas coas forzas nos fluidos a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica | | |
| CA3.5 - Aplicar as leis e teorías científicas máis importantes relacionadas coa enerxía e os seus procesos de intercambio para validar hipóteses de maneira informada e coherente co coñecemento científico existente, deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas e analizando os resultados criticamente. | Emite hipótesis coherentes coas leis e teorías ante cuestións relacionadas coa enerxía e os seus procesos e deseña algún procedemento para resovelas. | | |
| CA3.1 - Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns en canto ás distintas formas e transferencias de enerxía, explicalos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Explica, utilizando diversidade de soportes e medios de comunicació, fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa enerxía en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas. Asociado aos contidos C3.1 C3.2 e C3.3. | TI | 16 |
| CA3.3 - Recoñecer e describir situacións problemáticas reais relacionadas coa enerxía e emprender iniciativas colaborativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade e no ambiente. | Recoñece e describe situacións problemáticas reais de relacionadas coa enerxía e participa, de xeito guiado, en iniciativas colaborativa para contribuir a súa solución. Asociado ao contidos C3.3. | | |
| CA3.6 - Emprender, de forma autónoma e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor individual e colectivo. | Participa ,de forma guiada e activa, en proxectos de aprendizaxe que impliquen ao alumnado na mellora da sociedade. Asociado aos contidos C3.1 C3.2 e C3.3. | | |
| CA3.7 - Detectar as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlle solución sustentable a través da implicación de toda a cidadanía. | Entende a capacidade da ciencia para dar resposta sostible ás demandas enerxéticas da sociedade. Asociado ao contido C3.3. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A enerxía: formulación e comprobación de hipóteses sobre as distintas formas de enerxía e aplicacións a partir das súas propiedades e do principio de conservación, como base para a experimentación e a resolución de problemas relacionados coa enerxía mecánica en situacións cotiás.<br>- Transferencias de enerxía: o traballo e a calor como formas de transferencia de enerxía entre sistemas relacionados coas forzas ou a diferenza de temperatura. A luz e o son como ondas que transfiren enerxía. |

| Contidos |
|---|
| - A enerxía no noso mundo: estimación da enerxía consumida na vida cotiá mediante a procura de información contrastada, a experimentación e o razoamento científico, comprendendo a importancia da enerxía na sociedade, a súa produción e o seu uso responsable. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía utilizada inscríbese no marco determinado polo modelo DUA. Neste sentido e acorde coas liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe recollidas no decreto que desenvolve o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia se porá énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.
O traballo por proxectos é un exemplo de metodoloxía que lle axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un aplica, de forma activa, os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais, favorecendo unha aprendizaxe orientada á acción cun importante carácter interdisciplinar na que as e os estudantes conxugan coñecementos, habilidades e actitudes para levar a bo fin o proxecto proposto.
Así mesmo, formarán parte da metodoloxía a realización de proxectos significativos para o alumnado, de tarefas de carácter experimental así como situacións-problemas formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Por iso, incluiranse prácticas de laboratorio ou manexo de simulacións en entornos virtuais nas distintas unidades didácticas (non en todas). Tamén terán relevancia a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, o enfoque que se lle dea a esta materia debe incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas máis alá do académico e que lles permita facer conexións coas súas situacións cotiás, o que contribuirá de forma significativa a que todos desenvolvan as destrezas características da ciencia.
Concederáselle especial importancia á presentación dos resultados obtidos nos proxectos ou actividades realizadas que se axustará a o que é habitual nas comunicación científicas e serán compartidos co resto da aula utilizando diferentes estratexias. De esta forma se traballará transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.
Para dar resposta ao indicado no CA1.7 "Traballar de forma versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando e empregando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva" se proporán traballos de busca de información en cada trimestre.
Tamén potenciarase o traballo tanto colaborativo como cooperativo nas prácticas de laboratorio e noutras actividades propostas para dar resposta ao indicado no CA1.8 "Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación e iniciando o uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia".

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos: Aula, aula virtual, laboratorio equipado, ordenadores, teléfonos móbiles, recursos audiovisuais, recursos informáticos |
| Materiais: Apuntamentos, vídeos, entornos virtuais, textos elaborados polo profesorado, fichas de repaso, presentacións audiovisuais, material dixital seleccionado, material de laboratorio adecuado ás prácticas deseñadas, modelos moleculares... |

A maioría do material e dos recursos non precisan descrición.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:
- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 3ºESO).
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 3º ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **UD 4** | **UD 5** | **UD 6** | **UD 7** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **7** | **7** | **7** | **14** | **8** | **3** |
| **Proba escrita** | 30 | 95 | 95 | 95 | 94 | 85 | 90 |
| **Táboa de indicadores** | 70 | 5 | 5 | 5 | 6 | 15 | 10 |

| **Unidade didáctica** | **UD 8** | **UD 9** | **UD 10** | **UD 11** | **Total** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **14** | **10** | **10** | **10** | **100** |
| **Proba escrita** | 90 | 90 | 90 | 84 | **85** |
| **Táboa de indicadores** | 10 | 10 | 10 | 16 | **15** |

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación que se seguirán para establecer a nota numérica en cada avaliación parcial trimestral son os seguintes:

- As probas escritas contarán un 85% da nota trimestral.

Levaranse a cabo dúas probas escritas e farase a media ponderada das cualificacións obtidas, tendo en conta o tempo dedicado aos criterios correspondentes (normalmente 50%-50%).
O alumnado que non supere os mínimos esixibles na 1ª proba, volverá a ser avaliado deses criterios na 2ª proba. Neste caso: a 2ª proba abarcaría todos os criterios da avaliación e faríase a media ponderada tendo en conta a seguinte ponderación: 1ª proba 30%, 2ª proba 70%).

- O 15% restante da nota trimestral establecerase a través de táboas de indicadores (rúbricas, escalas de

observación, etc) analizando os seguintes aspectos:
- Producións do alumnado: informes de prácticas, presentacións orais, vídeos, audios ou outros traballos ou proxectos que se propoñan.
- Actividades periódicas (semanais ou quincenais) realizadas na aula relacionadas coa unidade que en cada momento se está a desenvolver.
- Realización das actividades propostas para facer na casa.
- Todos os aspectos relacionados co traballo diario na aula e no laboratorio.

Unha avaliación considérase superada cando se acada a puntuación mínima de 5 sobre 10, seguindo as porcentaxes de valoración indicadas.
A cualificación final do curso será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais. Para o cálculo desta media terase en conta a nota con dous decimais acadado polo alumnado no trimestre correspondente.
Á hora de introducir as cualificacións no XADE (tanto nas avaliacións parciais como na final), truncarase a nota e farase redondeo cara arriba só a partir de x,75 puntos.
Outras consideracións a ter en conta:

- Para un óptimo seguimento e aproveitamento desta materia resulta primordial a asistencia ás actividades lectivas. O alumnado con faltas de asistencia será responsable de informarse das actividades realizadas durante a súa ausencia e de recuperar as aprendizaxes correspondentes. No caso de ausencias xustificadas contará co apoio do/a docente correspondente.
- Se durante a realización dunha proba de avaliación se sorprende a un/unha estudante copiando (móbil, smartwatch, libro, follas, ...), o profesorado valorará a opción de anularlle a pregunta que estaba copiando ou directamente retirarlle o exame e facerllo noutro momento.
- A non asistencia a unha proba escrita así como a non entrega dun traballo e/ou realización dunha exposición nas datas establecidas, debe estar debidamente xustificada para repetila noutra data.
- Se dous alumnos/as presentan un traballo con evidencias claras de telo copiado, ese traballo non será valorado.

**Criterios de recuperación:**

Recuperación durante o curso: O alumnado que non obteña cualificación positiva na 1º e/ou 2º avaliación deberá realizar unha proba escrita de recuperación. As probas escritas de recuperación terán un peso de 85% na nota trimestral.
Probas finais adicionais: O alumnado que, ao remate da 3ª avaliación e tras facer as recuperacións da 1ª e 2ª, teña unha única avaliación suspensa a final de curso, deberá realizar unha proba adicional de recuperación da avaliación correspondente. O alumnado con máis dunha avaliación suspensa, deberá realizar unha proba global de recuperación que abarcará todos os criterios da materia. Calquera destas probas de recuperación adicional contarán o 100% da nota do trimestre ou do curso, segundo corresponda.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.
Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.
No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe.
Para poder atender axeitadamente a diversidade da aula, o alumnado traballará nalgunhas sesións en grupos utilizando estruturas de aprendizaxe cooperativa que favorecen a axuda entre iguais. Por outra parte, propoñeranse actividades variadas que permitan atender os múltiples intereses, capacidades e motivacións dos alumnos e alumnas. Ademais, na medida do posible, propoñeranse tarefas que se podan adecuar aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, é dicir, unhas que sirvan para ampliar os coñecementos do alumnado máis avantaxado e outras para reforzar as aprendizaxes imprescindibles do alumnado con máis dificultades.
O profesorado do Departamento, facendo uso da súa autonomía, adaptará as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade e ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo elaborados pola Consellería de Educación (https://www.edu.xunta. gal/portal/diversidadeorientacion/1764) tendo en conta as características específicas do alumnado, o contexto e os recursos cos que conta o centro.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (biomateriais, desenvolvemento sostible, etc.), así como en pequenos debates e cuestións tratadas en gran grupo. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA3.3, CA 5.3 | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. Non só se fomentará o uso pasivo do vídeo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, produción de informes ou presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas e as simulacións virtuais. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.6 e CA1.7 . | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.2 e CA1.8. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.8 | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccions coeducativas en consonancia co criterio de avaliación CA1.8. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo no CA1.9 | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade a través dos produtos dos proxectos propostos en cada trimestres | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación. Este elemento está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.7. | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (biomateriais, desenvolvemento sostible, etc.), así como en pequenos debates e cuestións tratadas en gran grupo. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA3.3, CA 5.3 | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. Non só se fomentará o uso pasivo do vídeo por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.. | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 |
|---|---|---|---|
| ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, produción de informes ou presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas e as simulacións virtuais. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.6 e CA1.7 . | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo... Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.2 e CA1.8. | X | X | X |
| ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e traballase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.1. | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 |
|---|---|---|---|
| ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.8 | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccions coeducativas en consonancia co criterio de avaliación CA1.8. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia e concretamente facelo no CA1.9 | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade a través dos produtos dos proxectos propostos en cada trimestres | X | X | X |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Charlas divulgativas de carácter científico | Organizar sesións divulgativas no centro con relatores dedicados a actividades científicas que poidan servir como inspiración vocacional e amosar distinas aplicacións da Física e da Química para a sociedade | X | X | X |
| Galiciencia (Tecnólope, Ourense) | Visita á Galiciencia 2024: feira de proxectos científicos escolares. Posible presentación de proxectos. | | | X |
| Feira científica escolar | Organizar en pequenos grupos de alumnado experiencias prácticas sinxelas para presentar ao alumando de cursos inferiores | | X | |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| **Indicadores de logro** |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1.-Desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento e adecuación da mesma ponderando entre 1 e 4 segundo:1 (Desenvolveuse < 90% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems). 2 (Desenvolveuse o 100% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems). 3 (Desenvolveuse > 90% e máis de 3 nos anteriores ítems). 4 (Desenvolveuse o 100% e máis de 3 nos anteriores ítems). |
| 2.-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50% )2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%). |
| 5.-Procedementos de avaliación do alumnado. Usando como indicador a eficacia da retroalimentación medida confome e ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%) |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 4.-Aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións. Usando como indicador o aproveitamento de recursos medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<3), 2 (3), 3( 4) e 4( >5). |
| Medidas de atención á diversidade |
| 3.-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro o éxito académico do alumnado ao que se lle aplicaron medidas de atención á diversidade, ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2 (<75%, >50%) 3 <(90%, >75%) 4 (>90%). |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 6.-Coordinación do profesorado. Usando como indicador a coordinación do profesorado medido conforme ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo o número de respostas afirmativas: 1(<2), 2 (2), 3( 3) e 4( 4). |

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente desta aplicación.
Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, ademáis da recollida nesta aplicación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade.
Como indicador de logro da adecuación da programación proponse un baseado na valoración das aprendizaxes acadadas polo alumnado e na eficacia das medidas de atención á diversidade, ponderando o éxito académico acadado tras cada avaliación entre 1 e 4 do seguinte xeito: 1(<50%), 2 (<75%,>50%), 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).
En función da análise realizada faranse as correspondentes propostas de mellora.
Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

## 9. Outros apartados